



En cumprimento do disposto no artigo 32 do Real decreto 678/2023, do 18 de xullo, polo que se regula a acreditación estatal para o acceso aos corpos docentes universitarios e o réxime dos concursos de acceso ás prazas dos devanditos corpos, faise público que o vindeiro martes, día 24 de marzo do 2026, ás 10:30 horas, no despacho da Secretaría Xeral da Reitoría, terá lugar o sorteo público ao que se refire o punto 6.3 da Normativa reguladora do procedemento para a selección de persoal docente e investigador, aprobada polo Consello de Goberno na sesión do 7 de novembro de 2024.

O dito sorteo realizarase co fin de proceder á constitución da comisión avaliadora encargada de xulgar as prazas de profesorado axudante doutor/a que serán sometidas á aprobación do Consello de Goberno da Universidade da Coruña na sesión prevista para o 25 de marzo de 2026.

A Coruña, na data da sinatura electrónica

A xefa do Servizo de Persoal docente e Investigador

M. del Pilar Mahía Porto

Código Seguro De Verificación	GJYV8Jymuit3eZJlVyiQ+w==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Xefe/a de servizo - Servizo de Persoal Docente e Investigador - Vicerreitoría de Profesorado - María Del Pilar Mahía Porto	Asinado	20/03/2026 09:43:19
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/GJYV8Jymuit3eZJlVyiQ%2Bw%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

